



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

GABINETE DE RELACIONES EXTERIORES
Vicerreitorado de Comunicación
e Proxección Exterior

Colexio de Santiago de Compostela, Praza do Obradoiro, s/n
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 100 Fax. 981 578 017



UNIVERSIDADE
DE VIGO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A APROBACIÓN
DO PLAN DE ESTUDIOS DE LICENCIADO EN COMUNICACIÓN
AUDIOVISUAL.**

REUNIDOS

Dunha parte,


O Excmo. Sr. D. Domingo Docampo Amoedo, Rector Magnífico da
Universidade de Vigo, en nome e representación da mesma,

Doutra parte,

O Excmo Sr. Don Senén Barro Ameneiro Rector Magnífico da Universidade de
Santiago de Compostela, en nome e representación desta Institución,


Ambalas partes recoñécense mutua capacidade de obrar

EXPOÑEN



Que o Consello Universitario de Galicia en uso das súas competencias ten
informado entre as novas titulacións para o curso 2003-2004, a de Licenciado
en Comunicación Audiovisual, con carácter compartido entre a Universidade
de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

Que a Xunta de Galicia aprobou esta titulación mediante Decreto 265/2003
data do 15 de maio de 2003 (DOG do 23 de maio de 2003).



Que as Universidades de Santiago e Vigo teñen realizadas, de xeito conxunto,
as actuacións precisas para que o Consello de Coordinación Universitaria
verifique a conformidade do plan coas directrices xerais do plan para a súa
homologación.

Que a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo en
exercicio da súa autonomía consideran axeitado ós seus fins institucionais o
establecemento de relacións interuniversitarias no ámbito de xestión e docente
para a implantación da referida titulación.

Considerando, polo tanto, o interese compartido na implantación da citada
titulación, as partes subscriben o presente Convenio de colaboración con
suxeición as seguintes



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

GABINETE DE RELACIÓNS EXTERIORES
Vicerreitorado de Comunicación
e Proxección Exterior

Colexio de Santiago de Compostela
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 58 578 017



UNIVERSIDADE
DE VIGO

CLÁUSULAS

PRIMEIRA-OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto a regulación das bases de actuación para a xestión da titulación compartida de Licenciado en Comunicación Audiovisual.

SEGUNDA- CARACTERÍSTICAS DA TITULACIÓN

A titulación de "Licenciado en Comunicación Audiovisual" é unha titulación compartida entre as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo que se xestionará de xeito independente mediante materias compartidas adscritas a cada campus.

A Universidade de Santiago e a Universidade de Vigo asumen a xestión independente da referida titulación que se impartirá integramente por cada Universidade con itinerarios curriculares diferenciados e especializados.

Os alumnos desta titulación serán alumnos das dúas universidades a efectos xurídicos coas especificidades establecidas no articulado deste Convenio.

TERCEIRA- ACCESO A TITULACIÓN

As Universidades de Santiago e Vigo ofertarán de xeito independente o número de prazas da titulación.

O acceso en primeiro curso por primeira vez realizase a través da CIUG en función das prazas ofertadas por cada Universidade.

O acceso ós segundos ciclos farase en función das normas e procedementos que teña establecido cada Universidade. Os alumnos poderán formular solicitude de ingreso en calquera das dúas Universidades, ou nas dúas á vez, debendo optar, no caso de ser admitido nas dúas, por unha delas no momento de formalizar a matrícula.

CUARTA- MATRÍCULA

Os alumnos matricularanse nunha das dúas Universidades e nela exercerán os seus dereitos e responderán dos deberes inherentes a súa condición de estudante desa Universidade.

En particular, o abono de prezos de matrícula, xestión do expediente, bolsas, servicios, representación institucional, etc., exerceráanse na universidade onde se atope matriculado.

Os alumnos matriculados nunha Universidade poderán trasladar o seu expediente á outra con carácter anual, sen que tal feito teña a consideración xurídica de traslado, polo que non se aboarán prezos por tal concepto.



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

GABINETE DE RELACIÓNS EXTERIORES
Vicerreitorado de Comunicación
e Proxección Exterior

Colexio de Santiago de Compostela, Praza do Obradoiro, s/n
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 58 00 00 Fax. 981 58 01 17



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Así mesmo, os alumnos desta titulación compartida poderán matricularse de disciplinas que se impartan en universidade distinta da que se atopen matriculados. O alumno aboará os prezos na universidade na que se atope matriculado e esta comunicará a outra universidade esta inscrición para os efectos da súa inclusión nun expediente específico así como nas actas da disciplina. Para estes efectos poderán establecerse mecanismos de compensación económica entre as universidades.

Os complementos de formación necesarios para cursar o segundo ciclo poderán ser cursados en calquera das universidades asinantes do presente convenio e serán recoñecidos automaticamente pola universidade na que se atope matriculado.

QUINTA- TITULACIÓN

O título de licenciado será único e correspóndelle a xestión da expedición á Universidade onde o alumno remate os estudos conducentes ó título, facéndose constar no mesmo o carácter de titulación compartida entre as Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, de acordo coas normas do Ministerio de Educación Cultura e Deportes (MECD) para titulacións compartidas.

SEXTA.- PROFESORADO

Os profesores que impartan docencia da titulación nas dúas universidades ou no campus da outra Universidade terán de maneira tácita e automática a concesión da Comisión de Servicios. A estes efectos figurará na Programación Académica que fixen as respectivas universidades.

As cuestións derivadas do intercambio de profesores serán aprobadas pola Comisión de seguimento.

SÉTIMA- COMISIÓN TÉCNICA

Para o desenvolvemento dos aspectos da xestión académica e de profesorado non contemplados no presente Convenio constituirase unha comisión técnica de carácter paritario. Os acordos desta Comisión Técnica, unha vez ratificados pola Comisión de Seguimento, incorporaranse como anexos ó presente Convenio.

OITAVA- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para levar ó efecto o establecido no presente Convenio créase unha Comisión de Seguimento que terá as seguintes competencias:

- O adecuado seguimento, interpretación e execución de accións concretas derivadas do contido do Convenio.



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

GABINETE DE RELACIÓNS EXTERIORES
Vicerreitorado de Comunicación
e Proxección Exterior

Colexio de Santiago de Compostela
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 100 Fax. 981 578 017



UNIVERSIDADE
DE VIGO

- A resolución de discrepancias en orde á execución do convenio.
- Solventa-las lagoas que se detecten para a execución do pactado así como proñoer *addendas* ó Convenio
- Resolver as cuestións relativas ó intercambio de profesorado.
- Ratificar os acordos da Comisión Técnica e acordar que se incorporen ó Convenio.

Integran a Comisión de seguimento:

- • Pola Universidade de Santiago:
 - O Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado
 - O Decano de Facultade de Ciencias da Comunicación
 - O Secretario Xeral adxunto
- • Pola Universidade de Vigo:
 - O/A Vicerreitor/a de Organización Académica e Profesorado
 - O Decano da Facultade de Ciencias Sociais
 - A Secretaría Xeral

NOVENA.- ENTRADA EN VIGOR E FIN DO CONVENIO

O convenio entrará en vigor ó día seguinte da súa sinatura e manterase en vigor durante a vixencia do Plan, salvo acordo expreso das partes noutro sentido.

DÉCIMA.- XURISDICCIÓN

A Universidade de Vigo e a Universidade de Santiago comprométese a resolver de maneira amistosa calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir na execución do Convenio corresponden á Xurisdicción Contenciosa-administrativa, en particular á Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente acordo, en Santiago a 21 de xullo de 2003.

Asdo.. Domingo Docampo Amado

Senén Barro Ameneiro

